

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a primeira cunha única resposta e as tres seguintes con posibilidade de elección entre traballos ou obras.

PREGUNTA 1. APROXIMACIÓN Á HISTORIA DA ARTE / REALIDADE, ESPACIO E TERRITORIO NA ARTE.

Aplicación dos conceptos. (2 puntos, 0,50 puntos por concepto)

Unha editorial de prestixio nacional recibiu a proposta de comezar unha colección sobre historia da arte universal. O primeiro volume da colección consta de dúas partes diferentes; unha dedicada ás técnicas artísticas e outra a un glosario xeral con diversos termos artísticos. No momento de comezar co desenvolvemento dos contidos do glosario, a directora da colección decide que é necesario ilustrar os devanditos conceptos con imaxes que os ilustren. Por ese motivo, solicita ao departamento de documentación, onde vostede está a facer as prácticas do seu grao, que lle achegue os conceptos e a súa definición –un por obra– presentes nas imaxes que figuran a continuación.



1



2



3



4

PREGUNTA 2. A ARTE E AS SÚAS FUNCIÓNS AO LONGO DÁ HISTORIA, DÁ ANTIGÜIDADE Á MODERNIDADE:

Redacción dun artigo divulgativo. (2 puntos)


Unha coñecida cadea de televisión está a traballar para pór en marcha, no próximo mes de setembro, un concurso no que, aqueles que participen, deben resolver un cuestionario baseado en preguntas de cultura xeral, incluíndo entre elas algunhas relacionadas con historia da arte. No formato do programa, a proba final esixe que o presentador do concurso faga unha breve introdución sobre un dos dous temas elixidos polos concursantes. Isto supón que a devandita introdución deba estar preparada de antemán. Por este motivo, ao tratarse da **Pintura do Renacemento en Italia** ou a **Arquitectura barroca en Europa**, encoméndaselle a unha profesora, especialista en historia da arte, que prepare os textos nun formato de artigo divulgativo que non supere as 400 palabras. Esta especialista, á que vostede debe substituír no seu labor, pídelle que elabore un dos artigos propostos, xustificando o motivo da súa elección.

PREGUNTA 3. A ARTE E AS SÚAS FUNCIÓNS AO LONGO DÁ HISTORIA, DÁ ANTIGÜIDADE Á MODERNIDADE:

Análise. (3 puntos)

Analice unha destas dúas obras, atendendo a:

1. Identificación: título, autor, cronoloxía, estilo, movemento. **(1 punto)**
2. Encadramento no contexto histórico-artístico e tratamento formal, iconolóxico e estilístico. **(2 puntos)**



PREGUNTA 4. A ARTE E SÚAS FUNCIÓNS NA CONTEMPORANEIDADE / REALIDADE, ESPACIO E TERRITORIO NA ARTE: Análise. (3 puntos)

Analice unha destas dúas obras, atendendo a:

1. Identificación: título, autor, cronoloxía, estilo, movemento. **(1 punto)**
2. Encadramento no contexto histórico-artístico e tratamento formal, iconolóxico e estilístico. **(2 puntos)**

